

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022** adoptou o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209". EXPTE. 1184/441.

Visto o informe de fiscalización do 22/09/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR ENTRE TRAVESÍA DE VIGO Nº 160 E ARAGÓN Nº 209", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 9 de maio de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS VINTE E UN MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (721.189,69 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 125.165,15 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.609.00.64 "Vigo Vertical, accesibilidade T. de Vigo_Aragón", provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 – Crédito extraordinario e Suplemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2022 09:48	Páxina 1 de 4
1184-441	CSV: AAA5BF-2A42DF-C1A2A2-4XP4JF-B5UCQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	721.189,69 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CIVISGLOBAL, S.L.U.	93,07
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,72
3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A	87,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, S.L.U., o día 5 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2022 09:48	Páxina 2 de 4
1184-441	CSV: AAA5BF-2A42DF-C1A2A2-4XP4JF-B5UCQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 e 29 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CIVISGLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157) o procedemento aberto para a contratación obras do proxecto de "Implantación de ascensor entre Travesía de Vigo nº 160 e Aragón nº 209" (1.184-441) or un prezo total de 720.180,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 124.989,92 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Nas próximas datas enviaráselle o contrato ao adxudicatario para a súa sinatura electrónica.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=Mc8%2F4R0w7XOiEJrVRqloyA%3D%3D

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2022 09:48	Páxina 3 de 4
1184-441	CSV: AAA5BF-2A42DF-C1A2A2-4XP4JF-B5UCQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A xefa do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 15.09.2021).- Beatriz
Barbará Rodríguez

ASINADO POR: XEFA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN - (BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ) 04/10/2022 09:07:51

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2022 09:48	Páxina 4 de 4
1184-441	CSV: AAA5BF-2A42DF-C1A2A2-4XP4JF-B5UCQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		